

O CASTIGO: UNHA TECNICA DISCUTIBEL

Xoan Sanmartín Pazos

Primeiras aproximacións

Un dos aspectos que sobresaen na realidade que nestas liñas imos analizar é o aspecto xeralizado do castigo no senso de que moi poucas épocas e escasísimas institucións descoñeceron ou renunciaron totalmente a súa práctica. Este aspecto tan manifesto fixo-se con frecuencia argumento seguro e firme para defender a “necesidade” de seguir castigando agora e tamén no futuro. Para nós, este tipo de argumentación é unha mera falacia, e responde a un uso (abuso) exclusivamente ideolóxico das palabras “natural”-“necesidade”-“antigo”; combinando-as resultaría algo tan aparentemente verdadeiro como esta argumentación: “o castigo é unha práctica tan antiga, que se pode dicir que é como natural á especie humana, e, por iso é indispensábel e necesario segui-lo utilizando agora e no futuro”.

b) Nun segundo intento de visión xeral pode-se ver que o castigo e unha realidade multiforme polo menos en dúas dimensións:

Por unha banda é multiforme na súa realización práctica e, así vemos todos os días unha variada e extensa gama de diferentes modos de infrinxir dor física ou moral, en privado ou públicamente, de tal xeito que en todos os casos se busca ou se di que se busca a desaparición dunha determinada conduta como pode ser mentir, agredir a outros, etc.

Por outra banda temos que é multiforme (multidimensional) no que se refire a intención de quen castiga. Se fixeramos unha enquisa preguntando a

quen castiga o porqué ou intención que subxace na praxe de castigar, teríamos contestacións tales como: vinganza ou compensación do castigador resentido, a búsqueda de exemplaridade noutros casos e a rehabilitación do suxeito castigado quizáis as máis das veces.

Por ambas as dúas razóns entendemos que o castigo é unha realidade complexa, variada e por iso propia para ser vista desde análises complementarios e non desde visións simplistas (simplificadoras) que non fan outra cousa que reducir a realidade en cuestión a fórmulas dogmáticas (entenda-se absolutas ou fanáticas) que, a marxe da realidade a que se superpoñen, seguen adiante (perpetuan) un “status quo” do castigo como práctica educativa aínda nos tempos como os de hoxe nos que a renovación metodolóxica e didáctica están en alza.

Delimitación do obxecto da nosa análise

Cara a unha maior concreción estableceremos unha división en certo modo arbitraria e o tempo útil entre situacións que habitualmente entran todas elas na categoría do castigo e así concretaremos cales son as que principalmente nos interesa analizar.

a) Por unha banda temos as formas que chamamos patolóxicas. Son as formas de castigo manifestamente exaxeradas e que pola súa desmesura son de fácil identificación como situacións de corte sádico, e dicer formas enfermas de infrinxir dor a carón de certas xustificacións procedentes da moral aceptada (1). Sen querer facer agora unha disección das personalidades produtoras dos excesos comentados remitimos ao lector interesado a recente publicación de F. Savater (2).

Este tipo de prácticas de tipo xa en por sí enfermizo non constitúe o noso obxecto de análise. Non deberá ser esquecido xa que é un feito a súa existencia en familias e institucións educativas (internados, escolas) e a súa incidencia no desenvolvemento do equilibrio da personalidade chega a ser de perigo grave para quen ha de soportalos debido aos factores de imitación-reproducción da conducta entendidos en termos de *Aprendizaxe Social* (3) aos que se suman os factores de *identificación* (4) en termos psicoanalíticos.

b) Noutra banda situamos as formas “civilizadas” ou “técnicas” que exclúen a desmesura e presentan-se como o resultado dunha ciencia e arte de castigar. Por esta razón exclúen na súa totalidade o revanchismo de quen castiga, tratan de evitar que se produza o resentimento en quen é castigado, coídan a súa vez de non empregar doses excesivamente fortes nen demasiado prolongadas, atenden a que o intervalo entre o feito castigado e o castigo sexa axeitado, etc. Son estes precisamente os modos máis difíceis de criticar en canto a forma de aplicación e, mesmo, na suposta eficacia; e son estes os que nos facemos aquí obxecto de interese na nosa somera análise.

¿Cal é a perspectiva da nosa análise?

A lectura das liñas anteriores permiten cando menos, un tipo de conclusión: o castigo como práctica educativa é unha situación complexa, pluridimensional. De todas as perspectivas posibles sobre o castigo ¿cal é a nosa?. O punto de vista no que intentamos situarnos é a perspectiva *nomotética*. Expliquemos brevemente certas nocións que aclaren isto:

En primeiro lugar hai que recordar que toda práctica educativa (e o castigo aspira a selo) está baseada sobre dous pilares ou componentes: o componente científico e o componente ideolóxico (as veces tamén chamado filosófico). O componente ideolóxico abarca as cuestións de epistemoloxía (5) (unha verdade ou varias ou ningunha, criterios para establece-la, etc.). Tamén dentro do elemento ideolóxico temos que incluír a debatida cuestión dos valores (metas ou fins: liberdade-sumisión, criación-reproducción, solidaridade-competición, etc.).

No elemento científico-técnico (e admitindo a non univocidade dos terminos segundo se trate de plantexamentos da area natural ou social) teriamos cuestións relacionadas coa Bioloxía, Psicoloxía, Socioloxía entre outros. O noso comentario situa-se na área da psicoloxía e agora estamos xa en condicións de preguntarnos cal é a aportación da Psicoloxía respecto a práctica do castigo.

A resposta explicita-se así: a psicoloxía en canto é un dos componentes básicos da praxe educativa aporta-lle unha análise dos feitos e das “causas” (sentido amplo) deles, pero non lle pode proporcionar sen máis, as chaves do que deberá ser e como deberá realizarse a praxe educativa. En menos palabras, a psicoloxía ten unha función nomotética (descriptivo-explicativa), e non normativa (que normativice o mundo, establecendo o que deberá facerse).

Concreción da nosa análise do castigo

No contexto establecido pasamos a referir algunhas das explicacións, hipóteses e suxerencias que a psicoloxía experimental está a elaborar sobre o castigo.

Do conxunto de teorías, podemos entresacar dúas que polarizan situacións extremas a vez que irreconciliabeis:

1. Por unha banda están as teorías que defenden a eficacia do castigo asegurando que é unha técnica de redución e desaparición da conducta que se castiga. A esta posición chamaremos-lle Tese Tradicional (6). Son a inmensa maioría e utilizan variado tipo de argumentos desde os de tipo moralizante até outros que tampouco parecen ter demasiado que ver cun plantexamento explicativo-experimental.

2. Noutro extremo temos certos plantexamentos cronoloxicamente posteriores a T.T. e que a matizan ou negan polo menos en parte. Na punta desta

flecha que fisura a T.T. situa-se B.F. SKINNER e algúns neoconductistas (7). Polo que poida ter de divulgación de perspectiva diferente que permita un maior “descentramento” parece-nos interesante presentar una síntese do capítulo XII da coñecida e xa clásica obra de SKINNER “Ciencia y conducta humana”, entendendo que poda ser un motivo de reflexión para todos os ensinantes sobre unha realidade que todos manexamos diariamente: o castigo (8). Unha vez máis deberemos ter presente que a ignorancia da lei non exime do seu cumprimento e que se houbo un campo no que o castigo lexitimouse como práctica educativa, hoxe a cuestión varia de xeito que non parece racional asumir as teses de hai unhas décadas, xa que sobre delas pesa toda unha serie de investigacións e especulacións que son as que debemos coñecer e reflexionar antes de nada. Nós non intentaremos desvelar todo o tema na súa complexidade. Tan só comentar certos aspectos xa hoxe divulgados en algúns ambientes e que moitas veces se encontran bloqueados por unha práctica profundamente inmovilista tan usual, por desgracia, na maioría das nosas aulas de E.X.B.

3. Observacións: Para poder situar ben e comprender mellor a temática do castigo poden-nos axudar certas precisións semánticamente relevantes sobre do que e a estimulación aversiva e as súas clases, unha das cais é precisamente o castigo. Neste punto, seguindo ao profesor PINILLOS (9) distinguimos catro clases de condicionamento aversivo:

- a) Condicionamento de respostas emocionais
- b) Condicionamento de escape
- c) Condicionamento de evitación activa
- d) Condicionamiento de evitación pasiva ou castigo

a) No condicionamento de respostas emocionais o suxeito faga o que faga non pode escapar do contacto coa estimulación aversiva. Non resulta difícil identificar esta práctica como sádica ou similar e desde logo sin xustificación no campo da educación.

b) No condicionamento de escape o suxeito logra separarse da estimulación aversiva polo menos fuxindo do lugar onde está situada tal estimulación. O efecto de separarse da estimulación aversiva é certamente unha ventaxa respecto da situación anterior, mais temos que pensar que implica tamén desventaxa: ter que abandonar un lugar axeitado (o marxe desa estimulación aversiva).

En todo caso o carácter patolóxico quedaria claro se esta situación se volve frecuente dando lugar a figura do fuxitivo, situación certamente non apetecible.

c) Cando o suxeito logra eliminar ou suprimir a estimulación aversiva mediante algunha acción concreta positiva (p. e. flexionando unha pata) pode-se

falar do condicionamento de evitación activa. Trátase do caso no que o suxeito produce unha resposta de supresión do estímulo aversivo.

d) No condicionamento da evitación pasiva, vulgarmente coñecido por *castigo* o suxeito evita o estímulo aversivo mediante a supresión dunha resposta, pero non mediante unha resposta de supresión. E non facendo algo, inhibindo unha resposta, como o suxeito evita o shock ou calquer outra forma de castigo (10).

Chegados a este punto estamos xa en condicións de expoñer o mencionado capítulo de SKINNER. A figura de SKINNER como protagonista do operacionalismo aplicado a psicoloxía é obxecto de forte polémica aínda nos anos oitenta a pesar de que, cada día máis, se está condenando como periclitado o movemento behaviorista (condutismo) como sistema de construír psicoloxía. Non pretendemos entrar neste debate longo e pode que non útil en sí. Parece-nos que a aplicación do operacionalismo a psicoloxía foi un paso importante por permitir por a proba, experimentar, teorías e hipóteses até entón fruto exclusivo da especulación. Por outra banda o operacionalismo a ultranza deu como resultado, as veces, situacións complicadas: a existencia de múltiples experimentos cada un deles con procedimentos de definición-medición-control experimental diferentes. As conclusións de tais experimentos son, as veces diverxentes, outras veces contradictorias e en todo caso de difícil valoración comparativa. Esta é precisamente a situación que caracteriza en grande parte ás situacións experimentais levadas a cabo para aclarar cal é o grao de eficacia do castigo. Nesta ocasión optamos pola mera síntese dun dos autores de prestixio neste campo e xa popular neste país desde hai anos: SKINNER.

Análise de SKINNER sobre o castigo

Sen pretender suplir a lectura do orixinal, mais, pensando en quen preocupados polo tema non teñen acceso inmediato a ela, sulñamos a continuación os principais puntos da súa argumentación:

1. Para SKINNER hai dúas posicións básicas sobre a eficacia do castigo. Unha postura, a tradicional, afirma o seu valor como técnica de supresión de condutas indeseábeis e, dacordo con esta afirmación, o esforzo adica-se a explicitar a súa optimización. Surxe así toda unha normativa que regula a aplicación do castigo sendo variada seguindo tendencias máis ou menos duras-blandas.

A outra postura considera que o castigo non é verdadeiramente eficaz no senso de que ten tan só un efecto máis ou menos temporeiro, mais nunca permanente: non extingue a conduta castigada de xeito permanente. A isto habería que engadir (afirman os partidarios de esta postura) todo un conxunto de “efectos secundarios” ou subproductos do castigo, realidades que aínda que non se buscan a propósito, surxen como lacras ou efectos colaterais nocivos, implícitos ao uso do castigo. Trátase dos subproductos tais como o medo ao

mestre-castigador, a agresividade fronte a unha situación na que se aplicou o castigo, un descenso xeral do rendimento e felicidade individual, etc.

2. Consciente de que as afirmacións deben ter unha apoiatura empírica, SKINNER, vai realizar toda unha argumentación as veces parsimoniosa cara a ilustrar a súa tese (eficacia só temporal). Os puntos chave de esta argumentación son os seguintes:

2.1. Se o castigo fose a inversa do reforzo positivo (habitualmente chamado premio ou recompensa) e sabendo que o reforzo positivo produce maior posibilidade de aparición da resposta reforzada (aumenta o número de respostas), por simetría inversa, o castigo debería restar esa probabilidade. Nas propias palabras do autor que comentamos temos que “se poideramos localizar un tipo de castigo que restara o mesmo número de respostas que as sumadas polo reforzo, cincuenta respostas reforzadas deberían dar-nos unha curva de extinción característica con vintecinco respostas reforzadas” (11). Nas seguintes liñas o autor da conta de que ao facer “un experimento similar comprobouse que no momento de aplicar o castigo as respostas disminuían momentaneamente a súa frecuencia, pero esta volvía a subir ao deixar de aplicar o castigo, dando-se tan só unha supresión temporal da conduta, non unha redución do número total de respostas” (12). Visto así o castigo como unha realidade non inversamente simétrica ao premio, podemos pasar a describer en concreto cais son os efectos do castigo.

Efectos do castigo

a) *Primeiro efecto*: O primeiro efecto do castigo e probablemente o máis fácil de identificar, xa que o que se fai realmente cando se castiga non é outra cousa que presentar-lle ao organismo (suxeito) un estímulo que provoca unha resposta incompatíbel coa resposta castigada. Neste caso se queremos que sexa este estímulo (o que manexa o castigador) o que determine a resposta, teremos que segurarnos de que a súa intensidade é tan forte ou máis forte que a intensidade do estímulo responsábel da resposta castigada. Como o lector terá sen dúbida intuído, esta peculiaridade do castigo vai ser cando menos conflictiva por razóns éticas e tamén estéticas: implica de seu a necesidade habitual de aplicar ao suxeito intensidades de estimulación aversiva altas e fortes. Tamén é conveniente suliñar que o ER- (13) pode ser un estímulo incondicionado (natural) ou ben un estímulo condicionado (por exemplo unha mirada fixa). Quedanos tan só advertir que o efecto deste tipo de estimulación aversiva produce un efecto inmediato, duradeiro tan só o tempo de aplicación do ER- ou moi pouco tempo máis.

b) *Segundo efecto*: “A conduta que xa foi convenientemente castigada vai-se converter de agora en adiante nunha *fonte de estímulos condicionados* que provocan unha conduta incompatíbel (14). Baste aclarar que esta conduta incompatíbel (incompatíbel coa conduta castigada) non é outra cousa que as respostas emocionais vencelladas ao sistema nervoso autónomo: pulsación

máis acelerada, sudoración, etc. De igual xeito sulñamos que estas respostas emocionáis son, en grande parte, as responsábeis do que as veces chamamos mala conciencia ou culpabilidade, vergoña, etc., e sendo tan importantes para o organismo que as padece, non deberían ser suscitadas tan alegremente como e o caso habitual nas nosas aulas de E.X.B. incluso en niveis de preescolar e ciclo inicial.

O feito de que esa culpabilización (respostas emocionáis vencelladas a vergoña) teña lugar non só ao comenazar a responder coa resposta castigada, senón ademáis ante calquer ocasión externa anteriormente vencellada a tal conduta, converte ao castigo nunha técnica de alto nivel de perigo. Pense-se que a conduta castigada, pode nalgunhas ou moitas ocasións, ser entendida por o suxeito castigado como importante ou indispensábel: teríamos provocado un conflito de elevada intensidade e duración, características ambas as dúas de situacións de inadaptación e deterioro do suxeito que as soporta (na psicoloxía clínica chamábase stress, neurose, etc.).

c) *Terceiro efecto*: “Se unha resposta dada vai seguida por un estímulo aversivo, calquer estimulación que acompañe a resposta, (...) quedará reforzada” (15). Este é precisamente o efecto máis duradeiro do castigo, e non resulta difícil explicar o seu porqué: calquer conduta (resposta) que debilite ou reduza o ER— quedará reforzada xa que o feito de reducir o ER— e xa de seu unha recompensa que reforza (16) a esa conduta (reductora do ER—).

Dado que este punto é certamente importante, xuzgamos de interés facer sobre el certas precisións:

c.1) “Calquer conduta” non é sinónimo de “conduta oposta a castigada”. Certamente calquer conduta pode significar unha conduta que (reducindo o ER—) non sexa tampouco aceptada socialmente. Neste caso esta resposta (reductora do ER—) sería a sua vez obxecto de novo castigo. Nun exemplo podemos-lo ver: mentir pode ser unha resposta reductora do ER— (ER aquí é non ver TV) que castiga ao suxeito por deixar en branco os deberes (deixar en branco os deberes é a resposta castigada).

Concluindo, non podemos dicer, sen máis que a resposta reductora do ER— sexa a oposta a resposta castigada; nen sequer podemos asegurar que sexa unha resposta que poña fin definitivo ao castigo: as veces será tamén obxecto de novo castigo. “As veces” pode significar moitas veces ou poucas veces. Depende en parte das normas sociáis amplas ou estritas: son en definitiva as normas as que sancionan as condutas como aceptaveis ou non.

Tendo a análise nestos termos interésanos descubrir un criterio que poda facilitar algunha información sobre o tipo de resposta reductora máis probabel: ¿cal pode ser?. Admitindo non coñecer un criterio preciso, parace-nos útil facer algún comentario na nosa opinión pertinente.

Se temos en conta que a conduta humana non é nengunha ocasión totalmente predecíbel podemos aventurar unha certa predicción a partir da

analise das respostas máis frecuentes para ese organismo. Saber cales serán estas respostas pode-se intentar a partir da identificación dos estímulos máis frecuentes nese ambiente socioeconómico-cultural no que está inmerso o suxeito (a relación resposta-estímulo permite-nos facer esta investigación-predicción). Agora sabemos que de todos os estímulos que compoñen o seu entorno haberá algúns máis relevantes e frecuentes: ese tipo de estímulos serán (ao marxe da acción doutras variábeis) as máis directamente responsábeis das respostas habituais e intensas dese suxeito, e, responsábeis das respostas redutoras do ER—.

Diste xeito quen castiga ven obrigado a considerar previamente cales respostas surxirán como redutoras do ER— e se estas respostas serán a súa vez obxecto de novo castigo ou non. Temos por seguro que se quen castiga fixese polo menos o esforzo que aquí comentamos, non se repetirían situacións pechadas nas que o castigo enxendra castigo case que indefinidamente, atrapando nese círculo tanto a vítima como ao verdugo (17).

c.2) ¿Que sucederá se o suxeito evita repetidamente o castigo?. O que realmente sucede neste caso é que o ER— deixa de estar presente para ese organismo. A razón disto é que o organismo distanciouse do ER— reduciu-no, cada vez que deu respostas distintas da resposta castigada. Deste xeito a resposta castigada (inaceptábel) perde a súa vez a cercanía ou contacto co ER—, razón pola que xa pode volver a darse, faise presente de novo. E precisamente agora cando volta a resposta antes castigada con toda a súa forza, e dicer, nunha taxa de frecuencia tan elevada como antes do castigo ou quizáis nunha taxa aínda máis alta que antes debido ao “efecto revancha” (18). A posíbel extrañeza ante este feito experimental disipa-se se temos en consideración que a supresión dun ER— (equivale a unha recompensa) eleva a taxa dunha resposta (19).

Quizáis agora que xa imos rematar estas liñas se pode ver con máis claridade o que ao comenzo deste artigo se dicía: o castigo non é a inversa da recompensa e o castigo non extingue unha resposta nen reduce sequera de xeito permanente unha conduta; nen tampouco reduce o número total de respostas. Todas estas afirmacións, quizáis reformulabeis estilisticamente, teñen un correlato experimental repetido en diferentes situacións. Se os feitos son inegábeis, a ciencia (a psicoloxía) quedalle a importante tarefa de interpretalos. Nós, pola nosa banda, quixemos expor unha interpretación que xuzgamos de moito interés e que entendemos que non poderá ser excluída antes de ser coñecida. Se o terrorismo científico (20) debe ser excluído non menos o será a ignorancia fátua. O lector paciente que sufriu até aquí o noso “discurso” pode aproveitar outras informacións máis sistemáticas e completas na bibliografía das páxinas finais, onde tamén encontrará algunha gráfica que recolla plásticamente algo do comentado nestas páxinas. Outras cuestións totalmente implicadas no noso tema (subproductos ou efectos secundarios do castigo alternativos ao mesmo etc.) quedan para outra ocasión.

NOTAS

- (1) Recordaselle ó lector algunhas das xustificacións ou leis da moral oficial: "quien bien te quiere te hará llorar"; "la letra con sangre entra"; "la manzana podrida ha de ser eliminada", etc.
- (2) Fernando Savater. *Invitación a la ética*. Anagrama. Barcelona, 1982.
- (3) Alberto Bandura. *Teoría del aprendizaje social*. Espasa-Calpe. Barcelona, 1982.
- (4) Carlos Castilla del Pino. *Sexualidad, represión y lenguaje*. Ayuso. Madrid, 1982.
- (5) Neste campo tan fundamental están-se producindo novos plantexamentos. Baste-nos pensar en nomes como Kuhn, Popper, Lakatos, Feyerevand e outros máis próximos ao tema educación: Bunge, Pérez Gómez, Larena, etc.
- (6) De agora en adiante Tese Tradicional representara-se por T.T.
- (7) Para maior información neste campo remitimo-nos a interesante obra de Vicente Pelechano, *Modelos básicos de aprendizaje*. Alfaplus. Valencia, 1980.
- (8) Chámase castigo, estimulación aversiva, ou doutras formas, o que aquí se quer expresar e que todo ensinante manexa estimulación aversiva (desaprobación, suspenso, etc.) cando intenta inhibir certas condutas que perxudican a marcha (aprendizaxe) do individuo ou do grupo.
- (9) José Luis Pinillos. *Principios de Psicología*. Alianza. Madrid, 1975, p. 317 y ss.
- (10) Pinillos, Op. cit. p. 319.
- (11) B.F. Skinner, *Ciencia y conducta humana*. Fontanella. Barcelona, 1971, p. 185.
- (12) Skinner, ibidem.
- (13) ER—: sempre que usemos este símbolo estamos referindo-nos ao estímulo reforzador negativo (aversivo).
- (14) Skinner, Op. cit. p. 188. O sulñado é noso.
- (15) Skinner, ibidem.
- (16) Recordase que reforzar definimo-lo como o aumento da probabilidade de aparición desa resposta no futuro.
- (17) O uso de esta simboloxía (víctima-verdugo) pode parecer un tanto macabra ou cando menos chauvinista. Recoñecendo desde logo o dereito a disentir, nos rafirmamo-nos nela admitindo que a dor realmente padecida e de modo habitual por moitos nenos non pode quedar silenciada por fórmulas eufemísticas.
- (18) Este efecto compensatorio aínda que con diferentes interpretacións e admitido por a case totalidade dos tratadistas do castigo. Cfr. Bibliografía ao final deste artigo.
- (19) Aludese a coñecida "ley do efecto" enunciada por Thorndike e considerada como a responsable máis directa da aprendizaxe instrumental.
- (20) Cfr. Gonzalo Anaya, *Qué otra escuela*. Akal, Madrid, 1979.

BIBLIOGRAFIA

Nota: Por diversas razóns (incluíndo nelas o propio azar) temos máis contacto e certa preferencia por os autores que a continuación se citan. Sabemos que nen son os únicos nen tampouco terán que ser os mellores. Responden en certo modo a liña argumental deste artigo.

- Ardila, R.: "El premio y el castigo en la psicología contemporánea". Revista *Psicología General y Aplicada* 22 (1967), pp. 39-45.
- Azrin, N e Holz, W.: *El castigo*. En Honing (Dir.): *Conducta Operante*. Trillas, México, 1975.
- Beech, H.: *Terapia de conducta*. Taller, Madrid, 1974 (Cf. cap. 11 e 12).
- Church, R.: "The varied effects of punishment on behaviour: definition of a punishment". *Psychological Review* (1963) 70, pp. 369-371.

- Domínguez, José L. e Santos, Miguel A.: "El castigo en la investigación psicoeducativa: hacia una evaluación motivacional". *Revista de Ciencias de la Educación*. 118 (1981) pp. 159-173.
- Heiliger, A.: *La angustia y el miedo en el niño*. Roca, México, 1977.
- Johnston, J.: "Punishment of human behaviour". *American Psychologist* (1972) Nov. 1033-1054.
- Peine, H. e Howart, R.: *Padres e hijos: problemas cotidianos de conducta*. Pablo del Río. Madrid, 1975 (Cf. cap. 6).
- Pelechano, Vicente: *Modelos básicos de aprendizaje*. Alfapplus, Valencia, 1980 (cap. 11).
- Pinillos, José Luis: *La psicología y el hombre de hoy*. Trillos, México, 1983 (cap. 19).
- *Principios de Psicología*. Alianza, Madrid, 1975.
- Solomon, R.: "Punishment". *American Psychologist* (1964) 19, pp. 239-253.
- Tanner, L.: *La disciplina en la enseñanza y el aprendizaje*. Interamericana, México, 1980 (cap. 9).
- Varios: *1^{er} Symposium sobre aprendizaje y modificación de conductas en ambientes educativos*. (Cf. Ponencia Prof. Pinillos). MEC. Madrid, 1975.